

Actividades para proxectos | Bloque 3 : Interacción

Secundaria. 9 a 12 anos

Debates no tanque de peixes



Educación Secundaria

12 a 15 anos



Nivel

Medio



Temporalización

12 sesións

- Fase 1: 1 sesión
- Fase 2: 7 sesións
- Fase 3: 4 sesións



Socios

2 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En equipos internacionais prepáranse seis temas de debate propostos e elixidos polos alumnos. Buscan información e elaboran argumentos a favor e en contra que serán usados por todos os seus compañeiros. Os debates teñen lugar a través dunha videoconferencia entre as clases dos dous países ou ben en cada centro escolar e grávanse en vídeo.

Finalmente, cada equipo internacional elabora un artigo que será avaliado polos seus compañeiros cos argumentos usados por todos no debate e a opinión da maioría que se recolle nunha enquisa despois de cada sesión.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Desenvolver o pensamento crítico e a habilidade da oratoria e da argumentación a través de textos orais e escritos.
- Facilitar a discusión grupal estimulando o interese e fomentando a participación de todos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1: Proposta de temas

- Os docentes forman grupos nacionais de 3 alumnos que se unen a equipos internacionais.
- Crean unha enquisa de opinión en Tricider para que os alumnos proponhan temas que se debatirán en 6 sesións ó longo do proxecto.



- Ábrese unha páxina principal 1: ¿DE QUE FALAMOS? que inclúe instrucións e na que se inserta a enquisa de opinión en Tricider.



- Todos os alumnos deben votar os tres temas que máis lles interesen escribindo o seu nome e apelido.

Paso 2: Formación de equipos internacionais

- Os profesores abren un foro con fíos de debate para os seis temas máis votados na enquisa de opinión. Formaranse equipos internacionais cos grupos nacionais que queiran traballar o mesmo tema.



- Os profesores abren unha páxina principal 2: EQUIPOS DE INVESTIGACIÓN na que insertan unha táboa cos temas e grupos nacionais incluíndo o nome dos seus compoñentes.



Paso 3: Creación de rúbricas de avaliación

- Os profesores crean dúas rúbricas: unha para o debate e outra para o texto argumentativo.
- Recoméndase usar unha plantilla de Corubrics, creada por Jaume Feliu que podemos atopar neste [enlace](#). Esta ferramenta permite a autoavaliación, coavaliación e a avaliación desde unha folla de cálculo (Drive) xerando formularios e calculando as medias automaticamente unha vez creada a rúbrica. Picar [aquí](#) para ver a rúbrica creada para o debate. Débese crear unha copia do documento para acceder á ferramenta de coavaliación de rúbricas.
- Créase unha páxina principal 3: RÚBRICAS DE AVALIACIÓN e insértanse os formularios.



- Antes de levar a cabo os debates e redactar o artigo de opinión lense as rúbricas. Isto servirá non só para coñecer os criterios de avaliación da tarefa senón tamén como guía no desempeño da mesma.



Fase 2: Desenvolvemento

Paso 1: Investigación

Os grupos nacionais de cada equipo investigarán o tema elixido aportando argumentos a favor e en contra na enquisa de Tricider creada previamente polo profesor.



Paso 2: Debates no tanque de peixes



Webcam nun dispositivo en cada centro escolar para a videoconferencia

- Ábrese unha páxina principal 4: SESIÓNS DE DEBATE con instrucións para os debates e un muro dixital para insertar imaxes ou vídeos da actividade.
- En cada sesión lévase a cabo un debate que deben preparar todos os alumnos coa información aportada polos equipos no Tricider da páxina inicial.
- Haberá dúas modalidades dependendo da dispoñibilidade de recursos técnicos nos centros educativos.

MODALIDADE 1: Os debates a través de videoconferencia no Twinspace

- Utilízase a dinámica grupal do tanque de peixes na que se colocan tres cadeiras no centro da aula que son ocupadas por dous alumnos de cada país. Os demais compañeiros sitúanse noutro círculo maior ó seu arredor. Só poden falar os dous alumnos no círculo do centro de cada aula, que son os que aparecerán na webcam.
- Bótase a sortes se os alumnos de cada país presentan argumentos a favor ou en contra.
- Empezan o debate os dous alumnos do equipo que preparasen o tema e que debatan a favor.
- Seguen os alumnos do mesmo equipo do outro país que argumentan en contra.
- Establécese entón unha quenda de palabra na que os participantes rexeitan os argumentos presentados polos seus opoñentes e defenden os seus.
- Calquer alumno pode participar no debate no momento que crea oportuno sentándose na cadeira baleira e tocando a un dos seus compañeiros, que se levanta e deixa a cadeira libre en canto acabe a súa intervención.
- Na seguinte sesión, cada alumno debe autoavaliarse e avaliar a un compañeiro asignado polo profesor no formulario coa rúbrica do debate de páxina principal 3: RÚBRICAS DE AVALIACIÓN. Picar [aquí](#) para ver o formulario. Todos os alumnos deben participar polo menos unha vez para poder ser avaliados.

- Mentres se desenvolve o debate, un membro de cada grupo do equipo que preparou o tema debe tomar nota de todos os argumentos a favor ou en contra, segundo lle tocase en sorte.
- Os profesores fan fotos das sesións para subilas a un muro dixital de Padlet que insertan na páxina 4: *SESIÓNS DE DEBATE*.



MODALIDADE 2: O debate desenvólvese en cada centro en momentos diferentes e grávase a sesión.

- Utilízase a mesma dinámica do tanque de peixes na que se colocan cinco cadeiras no centro da aula que serán ocupadas por dous alumnos do grupo que preparou o tema e dous doutro grupo. Os demais alumnos sitúanse noutro círculo maior ó seu arredor.
- Bótase a sorte se os alumnos do grupo presentan argumentos a favor ou en contra. Empezan o debate os dous alumnos que debatan a favor.
- Seguen os outros dous alumnos que argumentan en contra.
- Establécese unha quenda de palabra na que os participantes rexeitan os argumentos presentados polos seus opoñentes e defenden os seus.
- Calquer alumno pode participar no debate no momento que crea oportuno sentándose na cadeira baleira e tocando a un dos seus compañeiros, que se levanta e deixa a cadeira baleira en canto acaba a súa intervención.
- Na seguinte sesión, cada alumno debe autoavaliarse e avaliar a un compañeiro asignado polo profesor no formulario coa rúbrica do debate de páxina principal 3: *RÚBRICAS DE AVALIACIÓN*. Picar [aquí](#) para ver o formulario. Todos os alumnos deben participar polo menos unha vez para poder ser avaliados.
- Mentres se desenvolve o debate, un membro do equipo que preparou o tema toma nota de todos os argumentos a favor e en contra.
- Os profesores gravan a sesión do debate e sóbena ó muro dixital de Padlet insertado na páxina 4: *SESIÓNS DE DEBATE*.



Fase 3: Recollida de datos e promoción

Paso 1: Enquisas de opinión

- Ábrese unha páxina 5: E TI, ¿QUÉ OPINAS? na que se inserta unha enquisa para coñecer a opinión (a favor ou en contra) dos alumnos antes e despois de cada debate. Recoméndase usar a ferramenta de [Straw Poll](#) pola súa sinxeleza e porque non necesita rexistro.



- Todos os alumnos deben completar a enquisa antes e despois de cada sesión.
- A conclusión do texto argumentativo debe defender a opción da maioría. Os equipos deben adoptar a opinión da maioría na enquisa tralo debate que servirá de conclusión nun artigo de opinión que redactarán posteriormente.



Paso 2: Artigos de opinión

- Cada equipo internacional debe escribir un artigo de opinión que recolla os argumentos a favor e en contra de cada tema presentados no debate e a opinión da maioría nas enquisas nun documento compartido nunha subpáxina creada para cada equipo.
- Organizan o traballo nunha táboa ó principio de cada documento que debe completar cada grupo nacional. Picar [aquí](#) para ver un exemplo do documento.



- Os profesores abren unha páxina principal 6: ARTIGOS DE OPINIÓN na que insertan un muro de Padlet para que os equipos suban o texto argumentativo engadindo unha imaxe libre de copyright para ilustrar o tema.



Paso 3: Autoavaliación e coavaliación de artigos

Despois de ler todos os artigos, os grupos nacionais deben avaliar o traballo do seu equipo e o dos seus compañeiros completando o formulario coa rúbrica para redactar textos argumentativos da páxina 3 na que poderán engadir algún comentario. Picar [aquí](#) para ver o formulario creado polos profesores desde a ferramenta de coavaliación de rúbricas na folla de cálculo de Drive.

Picar [aquí](#) para ver a rúbrica. Débese crear unha copia do documento para acceder á ferramenta de coavaliación de rúbricas. Os profesores poden incluso obter a media de todas as opinións usando a ferramenta de CoRubrics.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- 6 debates en directo ou en vídeo sobre temas propostos polos alumnos
- 6 artigos de opinión

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Foro, páxinas e videoconferencia
- Tricider, ferramenta para crear enquisas de opinión
- Straw Poll, para realizar enquisas sinxelas dunha pregunta
- Documentos de Google
- Padlet, para crear muros dixitais

EXEMPLO(S) DE ACTIVIDADES EN PROXECTOS REAIS (EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS)

Twinspace creado para a actividade: <https://twinspace.etwinning-training.net/10402/home>